

## Tecidos vexetais


### Tecidos meristemáticos ou embrionarios

Células indiferenciadas con capacidade para **dividirse e xerar diferentes tipos celulares**. Permiten o crecemento da planta


#### Meristemas apicais primarios

As súas células proceden directamente das embrionarias, **permiten o crecemento en lonxitude. Sitúasen nos ápices da planta.**

Meristemas apicais caulinares



Meristemas apicais radiculares



#### Meristemas secundarios


Xéranse a partir de células adultas que recuperan a capacidade de división. **Permiten o crecemento en grosor**

##### Cámbium

Forma tecidos conductores  
Xilema cara o interior  
Floema no exterior





##### Felóxeno

Forma suber cara o exterior  
Parenquima cara o interior



## Tecidos parenquimáticos

Células vivas, pouco diferencias. Clasificanse atendendo as súas funcións

Clorofílico	Acuífero	De reserva	Airífero
<p>Realiza a fotosíntese. Está formado por:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Parénquima en estacada</b>, Presenta células alongadas próximas entre si. Responsable da maior parte de actividade fotosintética.</li> <li>- <b>Parénquima lacunar</b>, As súas células que deixan numerosos espazos entre elas para facilitar o intercambio de gases e de auga co medio.</li> </ul> 	<p>As células presentan vacúolos que almacenan auga. Importantes en plantas xerófitas.</p> 	<p>Almacena substancias, como amidón, proteínas, lípidos... As características das células dependen do tipo de substancia que almacenan. Forma parte dos órganos de reserva das plantas.</p> 	<p>Facilita o intercambio de gases, Entre as células hai espazos con aires Encóntrase en plantas acuáticas.</p> 



## Tecido protector

Recobren a superficie da planta, protexéndoa do desecamento e doutras agresións externas.

### Tipos

#### Epidérmico


Recobre a superficie externa da planta e protéxea do desecamento, dos danos mecánicos e da entrada de axentes patóxenos. Pode presentar **estomas** e **tricomatos**



#### Suberoso

Está formado por células mortas moi próximas entre elas. Son impermeables xa que presentan suberina.

O súber constitúe unha barreira que impide a entrada de patóxenos. O intercambio de gases prodúcese nas lenticelas




## Tecido de sostén

Aportar firmeza e consistencia a planta

### Tipos


#### Cloénquima

As células colenquimáticas son células vivas, alongadas e cunha parede celular grosa de celulosa. Localízase nas partes da planta en crecemento e nas herbáceas (con pouco crecemento secundario).



#### Esclerénquima

Formado por células mortas, con paredes celulares engrosadas **lignificadas**.. Proporciona **sopORTE** de órganos que deixaron de crecer.



Tecidos conductores	
Transporte do zume bruto e do elaborado	
Tipos	
Xilema	Floema
<p>Formado polos <b>vasos leñosos</b> (células mortas), transporta o zume bruto desde as raíces ao resto da planta.</p> <p><b>Tipos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xilema primario: formado nos meristemos primarios</li> <li>- xilema secundario: formado a partir do cámbium.</li> </ul> <p><b>Elementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Traqueas das anxiospermas.</b> Son células curtas, de gran diámetro, que forman filas e crean longos condutos. Teñen perforacións nas súas paredes basais e apicais, que forman as placas de perforación.</li> <li>• <b>Traqueidas das ximnospermas e das pteridófitas.</b> Son células alongadas, de diámetro pequeno, que carecen de placas de perforación. A auga circula atravesando os poros das súas paredes laterais.</li> </ul>	<p>Formado polos <b>vasos liberianos (células vivas)</b> . Transporta o zume elaborado desde as follas e os talos verdes ás demais partes da planta.</p> <p><b>Tipos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Floema primario:</b> formado no meristemo apical</li> <li>- <b>Floema secundario:</b> Formado polo cámbium.</li> </ul> <p><b>Elementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Os tubos cribosos das anxiospermas.</b></li> <li>• <b>As células cribosas das ximnospermas e pteridófitas.</b></li> </ul>

Tecidos secretores	
Elaboran e segregan substancias e expulsan produtos de refugallo.	
Tipos	
Tubos e vasos laticíferos	Conductos resíniferos
Forman látex	Forman resina